

Unidade 13

Posibles preguntas de exame relativas á unidade 13:

- 1 As primeiras gramáticas do castelán e do portugués **son dos séculos...XV e XVI respectivamente**, mentres que as do galego **son do séc. XIX.**
- 2 Cal é a primeira manifestación do galeguismo, que reivindica o carácter diferencial de Galicia e a defensa dos seus intereses económicos, políticos e culturais? **O provincialismo.**
- 3 Cal se considera a primeira gramática do galego?
Gramática gallega (1868), de Juan Antonio Saco y Arce (considerada a primeira, pois estouta: *Compendio de gramática gallego-castellana* (1864), de Francisco Mirás está incompleta e é de pouca calidade.)
- 4 Cal se considera a primeira gramática do portugués?
A Gramática da Linguagem Portuguesa (1536), de Fernão de Oliveira
- 5 Cal se considera a primeira gramática dunha lingua europea moderna que se publicou?
Gramatica de la lengua castellana (1492), de Antonio de Nebrija
- 6 Cal se pode considerar a primeira recompilación de poesía galega do XIX?
O Álbum de la Caridad, (antoloxía bilingüe nacida dos Xogos Florais da Coruña)
- 7 Cando se dan as primeiras mostras de literatura popular recollida ?
Veñen dos ilustrados do séc. XVIII, co Padre Sarmiento e co P. Sobreira; desde a Ilustración até os nosos días recompiláronse cantigas e narracións populares.
- 8 Co gallo das Festas Minervais de 1697 xorde o volume Fiestas Minervales y aclamación perpetua a la Musa. Que importancia ten para a nosa literatura desta época? **Recolle 9 romances en galego.**
- 9 Como é a poesía que cultivan os precusores do Rexurdimento?
Poesía tradicional, folclórica e costumista. A lingua que usan está chea de castelanismos, vulgarismos e dialectalismos, porque non teñen a referencia dun modelo de lingua ou ferramentas coma unha gramática.
- 10 Como é o panorama político da Galicia da primeira metade do século XIX? **A Galicia da primeira metade do século XIX está marcada pola inestabilidade política: ora liberais, ora absolutistas alternan no poder.**
- 11 De que xénero é a produción literaria de inicio do XIX? **Fundamentalmente, poesía: poesía tradicional, folclórica e costumista.**
- 12 Dentro dos precusores encóntranse **Pintos, Añón, Camino, Antonio e Francisco María de la Iglesia...**
- 13 En 1536 a USC (**Universidade de Santiago de Compostela**) empezou a celebrar o certame literario das Festas Minervais. A quen quería honrar esta iniciativa?
A don Alonso de Fonseca, arcebispo fundador da Universidade de Santiago de Compostela. e arcebispo desta cidade). No volume Fiestas Minervales y aclamación perpetua a la Musa hai 9 romances en galego.
- 14 En que século xorden numerosos xornais, se crean liceos, academias e sociedades como a **Academia de Agricultura do Reino de Galiza** ou as **Sociedades Económicas Amigos do País**? **No XIX.**
- 15 En que sés poderíamos consultar algunhas mostras de vilancicos que chegaron a nós? **Nos arquivos das catedrais de Compostela e Mondoñedo.**
- 16 No século XVIII xorde o interese polo estudo das ciencias e as humanidades por parte de que movemento? **Da Ilustración**
- 17 No XVIII vese a necesidade de usar o galego na escola como lingua vehicular. Que movemento cultural promove a defensa da lingua para mellorar o nivel educativo da rapazada? **A Ilustración.**
- 18 Nomea 3 exemplos de poesía académica barroca:
- Exequias á Raíña Margarida de Austria.
-Décimas ao Apóstolo Santiago
- Festas Minervais
- 19 O soneto Respice finem e o soneto con falda son dúas composicións en galego que escribiron Pedro Vázquez de Neira e Xoán Gómez Tonel respectivamente, a propósito de...
Da morte da raíña dona Margarida de Austria; están no volume dedicado ás Exequias á Raíña Margarida de Austria.
- 20 Pon dous exemplos de persoas que se dedicaron ao estudo da literatura popular no primeiro terzo do séc. XX?
Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Xaquín Lorenzo, Filgueira Valverde
- 21 Pon dous exemplos de poesía académica renacentista.
O Soneto da condesa de Altamira (Dona Isabel de Castro e Andrade)
O Soneto de Monterrei (anónimo) (diálogo entre un cabaleiro e unha pastora).
- 22 Pon dous exemplos de teatro dos Séculos Escuros.

Entremés famoso sobre a pesca no río Miño
Contenda dos labradores de Caldelas

- 23 Pon exemplos de ilustrados galegos.
Algúns dos nosos ilustrados máis destacados son o Padre Feixoo, o Padre Sarmiento, Cornide Saavedra, Cernadas de Castro e o Padre Sobreira.
- 24 Primeiro libro do XIX que contén galego:
A gaita gallega (latín, castelán, galego); nel, Xoán Manuel Pintos defende a lingua galega e denuncia a marxinação de Galicia.
- 25 Que feito común caracteriza a Marcial Valladares, Luís Tobío, Saco y Arce, Pérez Ballesteros... no Rexurdimento?
Realizan recompilacións de literatura popular.
- 26 Que importante certame ten lugar en 1861?
Teñen lugar os Xogos Florais da Coruña coa posterior publicación de Album de la Caridad.
- 27 Que nomes destacan no “Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos” incluído no Álbum de la Caridad?
Francisco Añón, Alberto Camino, Francisco de la Iglesia, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal
- 28 Que obra gañou o 1º accesit nos Xogos Florais da Coruña de 1861? **A Galicia, de Francisco Añón**
- 29 Quen son os Precursores? Cando escriben?
Un grupo de autores vinculados ao galeguismo provincialista que escriben entre 1846 (data do levantamento provincialista e dos Mártires de Carral) e 1863 (publicación de Cantares gallegos de Rosalía)
- 30 Un dos obxectivos da Ilustración é... **Superar o estado de atraso económico, social e cultural**
- 31 Un exemplo de poesía histórica dos SSEE (Séculos Escuros) é o *Pranto da Frouseira*. A que feito alude?
Alude á morte do Mariscal Pedro Pardo de Cella que é decapitado na praza Maior de Mondoñedo.

Pon verdadeiro ou falso:

	V	F
A partir de 1978, por fin na democracia, reedítanse traballos de literatura popular anteriores mais non ven a luz outros novos.		X
A produción literaria do XVIII inclúe textos propagandísticos que teñen que ver coa Guerra da Independencia e con cuestións políticas de circunstancias.		X
Desde o séc. XVI até o XIX o idioma galego “dialectalízase” ao carecer practicamente de cultivo escrito.	X	
Na poesía decimonónica destacan Nicomedes Pastor Díaz e Vicente Turnes	X	
No XIX xa non hai vilancicos		X
O cura de Fruíme, Diego Antonio Cernadas e Castro, escribe poemas satíricos.	X	
Os Séculos Escuros comprenden os séculos XVI e XVII	X	
Os vilancicos de Nadal e Reis forman parte da poesía relixiosa. Galeguízanse os personaxes e os motivos. O neno Xesús é galego. Galilea= Galicia.	X	

Dos séculos XVI a XIX o galego atópase nun estado dialectal, non se escribe practicamente. O castelán fálase nas urbes. Topónimos e antropónimos castelanízanse.

Une con frechas

-“A Filida”, soneto	->	Xosé Andrés Cornide Saavedra
-A gaita gallega	->	Xoán Manuel Pintos
-Diálogo entre dos labradores gallego, afligidos, y un abogado instruído, despreocupado y compasivo, de Pedro Boado Sánchez	->	Texto literario de carácter propagandístico do XIX
-Un labrador que foi sarxento...	->	Romance anónimo do (Prerrex.) poesía histórica ou de circunstancias
-O Saqueo de Cangas polos turcos	->	(SSEE) Pardo de Andrade. Contra o absolutismo (Inquisición, clero)
-Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicado ós seus paisanos para abrílles os ollos sobre certas iñorancias e o demais que verá o curioso lector	->	O Padre Sobreira
-Ten a idea dun dicionario da lingua galega e só lle dá tempo a preparar as letras A e B	->	O Padre Sarmiento
-No XVIII Realiza estudos léxico gráficos e tamén estudos de historia natural (a flora galega e os seus nomes)	->	O Padre Sarmiento
-No XVIII defende a lingua e cultura galegas. Critica a castelanización da igrexa.	->	O Padre Sarmiento
-Discípulo de Feixoo	->	O Padre Feixoo
-No XVIII nega que o galego sexa dialecto do castelán.	->	Luís Carré e Leandro Carré
-A partir dos anos 60 do séc. XX, realizan novas coleccións de contos e lendas populares	->	Literatura popular
-X.M.González Reboledo, H. Harguindey e M. Barrio ou Camiño Noia	->	Fernández de Neira (Prerrex.) Texto propagandístico sobre a guerra contra os franceses.
-Proezas de Galicia	->	Antonio Benito Fandiño (Prerre)
-A casamenteira (teatro)	->	A. Santamarina e Dorothée Schubarth (musicóloga suíza)
-Cancioneiro popular galego	->	“Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos”
-Os Xogos Florais da Coruña (1861)	->	